



MEMORIA 2016



Fotograma da reportaxe sobre APACAF no telediario de TVE 1 DCMA (día da concienciación mundial do autismo)




APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



CON
CALIDADE






A SEDE SOCIAL

APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB

36202 VIGO

 986226647

**Séguenos
nas redes**

info@apacaf.org

www.apacaf.org




OS CENTROS

A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres

A Estrada 36688

Desde 1988


 986 587475

A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. Laxe

Moraña 36660

Desde 2009

 986 686749



SUMARIO

PÁXINA

4
5
6
7

8
9
10 / 11
12/13

14
15

16/17

18

19
20

QUEN SOMOS

Alianzas
Carta da presidenta
Historia, Misión, Visión, Valores
Cómo nos organizamos.

OS NOSOS SERVIZOS

Soños = realidades
Servizos
Actividades
Vacacións

O EQUIPO PROFESIONAL

Formación de formadores
Voluntariado / Programa de prácticas / Recadación de fondos

A XESTIÓN ECONÓMICA

Balance de ingresos e gastos

COMUNICACIÓN

COLABORADORES

Fundación Tutelar FUNDITEA
Os nosos patrocinadores



ALIANZAS



Socio desde 1994




Socio fundador desde 1995



Convenio con FUNDITEA
Fundacion Tutelar para a Promoción de Persoas con Discapacidade
particularmente Trastorno do Espectro Autista



Convenio con Centro Médico de A Estrada



Convenio con Universidade de Vigo
Convenio con Universidade de Santiago
Convenio con Concello de A Estrada

Carta da presidenta de APACAF



Incrementamos a nosa presenza nos medios

Cúpula do concello de A Estrada acesa en conmemoración do Día Mundial de Concienciación sobre o autismo . Campaña #LIUB (Light it Up Blue): os edificios máis emblemáticos do mundo acendéronse en solidariedade coas persoas con autismo

Estimad@s amig@s:

Pódese dicir que este foi o ano da nosa posta en marcha nas redes sociais e penso que tivemos bo resultado. Fomos seleccionados por **TVE1** para ilustrar no Telediario estatal e no Telexornal autonómico o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo (DMCA). Toda unha honra! Coas actividades organizadas e realizadas por nós para conmemorar o Día Mundial do Autismo tivemos un alcance de 12.000 persoas nas redes sociais

Toda esta celebración foi posible grazas á colaboración do **concello de A Estrada** que participou na campaña #LIUB acendendo a cúpula

do concello de azul durante varios días, financiando os gastos de cartelería, convocando a rolda de prensa, cedendo un stand no Novo Mercado para poñer un posto informativo, etc.

E grazas tamén ao **Clube Deportivo San Paio da Estrada** e ao **Clube de Atletismo da Estrada** que nos acompañaron e apoiaron en todo momento e cos que fixemos a rolda solidaria no Día Mundial do Autismo.

Con posterioridade a este evento, a **TVG** fixo unha reportaxe no centro A Braña e quixera agradecer a Carmiña Blanco e ao cámara Jesús o cariñosos que estiveron; fixéronnos sentir moi a gusto e puidemos comportarnos todos con moita naturalidade diante das cámaras.

Ao longo de todo o ano fixéronse 58 publicacións no

Facebook con fotos familiares das nosas actividades diarias cunha resposta moi satisfactoria por parte dos nosos seguidores.

Tampouco se pode esquecer a prensa escrita, cun total de 16 noticias publicadas ao longo de todo o ano sobre APACAF

Un ano máis invítovos a un repaso desta memoria gráfica que só pretende amosar un resumo do máis salientable de todo o bo facer da nosa entidade coa colaboración de todos e todas ao longo de todo o ano.

Unha forte aperta,

María José Ferradans Villar



HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

FITOS HISTÓRICOS

Ano 1988, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

Ano 1993, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

Ano 2005, creouse o primeiro servizo de residencia de 365 días ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

Ano 2007, Fúndase unha Fundación Tutelar FUNDITEA, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

Ano 2008: - Ábrense as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

-APACAF acada a certificación de calidade ISO 9001:2008.

Ano 2011, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA EXCELENCIA EUROPEA, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

Ano 2013, APACAF celebra os 25 anos de apertura do centro A Braña

Ano 2014, FUNDITEA recibe o premio TERRITORIOS SOLIDARIOS outorgado polos traballadores do Banco BBVA

Ano 2016, APACAF obtén o selo de ONG Acreditada en Transparencia e Boas Prácticas da Fundación Lealtad

VISIÓN

Ofrecer servizos de innovación e excelencia para as persoas con autismo e as súas familias


MISIÓN

Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo a partir dun enfoque centrado no individuo, as súas necesidades, a súa historia e a súa comunidade. Traballamos para ofrecer os apoios e o entorno necesario para que isto poida ser unha realidade.



CÓMO NOS ORGANIZAMOS

organigrama





soños = realidades

PCP: PLAN CENTRADO NA PERSOA

É un proceso de **colaboración** para facilitar ás persoas con autismo o acceso aos apoios e servizos necesarios para acadar unha maior calidade de vida baseada nos seus **propios gustos e valores**.



1. Ir á piscina
2. Participar nas festas
3. Viaxar
4. Obradoiro de plástica
5. Descansar ao aire libre





SERVIZOS

RESIDENCIA

8 usuarios conviven no centro A Braña en réxime de residencia os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman a autonomía persoal, atención individual (Plan Centrado na Persoa), a inserción laboral, a saúde e benestar emocional e a inclusión social.

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social
Consellería de Economía. Programas de Cooperación



CENTRO DE DÍA

7 usuarios acoden ao centro **A Penagrande**, sito en Moraña, en réxime de centro de día de luns a xoves en horario de 10:00 a 18:00

COFINANCIADO POR:

Fundación FUNDITEA

Caixa Bank

Xunta de Galicia. C. de Economía. P. Cooperación

OCIO E TEMPO LIBRE

Usuarios de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** todas as fins de semana de venres a domingo para pasar un tempo de lecer e convivencia.

Na foto da dereita, unha saída ao Pazo de OCA

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia. Consellería Política Social

Ministerio de Asuntos Sociais. IRPF:
Programa de respiro familiar





ACTIVIDADES



ECA

Emprego con apoio: o traballo por conta allea

Candela foi contratada por a Asociación de comerciantes de A Estrada -ACOE- en Nadal para facer tarefas de márketing durante a campaña navideña.

HORTA ECOLÓXICA

Inserción laboral: o traballo por conta propia

O centro A Braña conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) na que os usuarios desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos son para o autoconsumo.

COFINANCIADO POR:
Deputación de Pontevedra




SAÚDE E BENESTAR

O benestar emocional é un área transversal que abrangue moitos aspectos da vida diaria:

- Alimentación sá e ecolóxica
- Exercicio adaptado
- Relaxación na aula multisensorial
- Musicoterapia / expresión plástica
- Ritmo de vida en sintonía coa natureza

Cuarto de baño accesible

No centro A Penagrande, rehabilitamos un cuarto de baño para que sexa accesible e así fomentar a autonomía persoal e mellorar o benestar.





COFINANCIADO POR: **Fundación ONCE**



ACTIVIDADES

FORMACIÓN CONTINUA

- Logopedia
- Psicomotricidade
- Horta ecolóxica
- Coidado de animais: galiñas, polos, parrulos
- Expresión plástica
- Aula TEACCH



AULA TIC-TEA

O uso de novas tecnoloxías ten probado ser unha boa ferramenta de comunicación para as persoas con TEA.

No centro A Braña e no centro A Penagrande hai un aula específica para a aprendizaxe das novas TIC pero tamén se usan os iPads no día a día tanto para programas específicos, como para ocio, axendas individuais, etc.

COFINANCIADO POR:

Fundación Orange

AULA MEDIOAMBIENTAL

Habilitación dunha aula multiusos:

Para encontros familiares, diagnóstico e orientación, charlas sobre medioambiente, etc.

COFINANCIADO POR:

FINSA

Esta empresa madeireira fixo un donativo de material para recubrimento de exteriores, interiores e solado

Luis Ruibal Rodríguez. Arquitecto


Proxecto técnico

CLUBE DEPORTIVO BERRES

Partido de Fútbol solidario Compostela- Pontevedra no mes de Nadal de 2016

ARTESANÍA FORNELENSE





VACACIONES

Asnoterapia en Allariz

Datas: 6 ao 11 de xuño

Lugar: Allariz

Participantes: 3 persoas que viven en A Braña

Programa:

-Actividades de Terapia con asnos

-Disfrute do entorno natural

- Visitas a Allariz, Celanova e Ourense

Organizado por :

Federación Autismo Galicia

Transporte: Autismo Galicia

Colabora: A.N.D.R.E.A .
Asociación



Vacacións en Sanxenxo

Datas: 9 ao 13 de maio

Lugar: Hotel Canelas, Portonovo

Participantes: 6 persoas, usuarios do servizo de residencia do centro "A Braña"

Programa: disfrutar do bo tempo, praia pola mañán e as tardes máis versátiles con paseos por O Grove, A Toxa, visitas ás cafeterías para tomar xeados e refrescos, ou disfrute das piscinas do hotel

Ratio monitor-usuario: 1/1 + coordinadora de grupo

Co-financiado por: IMSERSO -Ministerio de Sanidad y Asuntos Sociales

Organiza: Confederación Autismo España

Transporte: IMSERSO





VACACIONS

Colonias de verán en A Braña

Datas: mes de agosto

Lugar: centro “A Braña”, Berres. A Estrada

Programa:

Fixéronse saídas a o Pazo de Oca, Torres do Oeste, Catoira, e pola contorna

Participantes:

24 rapaces

Cofinanciado por:

- Xunta de Galicia e
- Ministerio de Sanidad y Asuntos Sociales: IRPF

Transporte: APACAF

Asnoterapia Allariz

Datas: 5 ao 10 de setembro

Lugar: Asociación A.N.D.R.E.A. Allariz

Participantes: 2

Organizado por:

Federación Autismo Galicia

Programa:

- Actividades de Terapia Asistida con asnos
- Actividades de ocio
- Visitas ao entorno

Transporte: Autismo Galicia

Colabora: A.N.D.R.E.A .
Asociación





FORMACIÓN de FORMADORES

Asistencia a congresos:

XI Congreso Autismo Europa. Setembro de 2016
Edimburgo. Organizado por Autismo Europa.
Participaron 2 profesionais de APACAF

Congreso AETAPI. Novembro de 2016
Burgos. Organizado por AETAPI.
Participaron 3 profesionais de APACAF



Accións formativas de carácter externo:

Jornada de Transparencia y Buen Gobierno. Febreiro. A Coruña.
Organizado por F. Barrié e F. Lealtad.
Participaron 2 profesionais de APACAF

Taller de Transparencia y Buen Gobierno. Febreiro. A Coruña.
Organizado por F. Barrié e F. Lealtad.
Participaron 2 profesionais de APACAF

Curso básico de comunicación nas redes para entidades sociais. Novembro. Santiago
Organizado por EAPN Galicia.
Participou 1 profesional de APACAF

Programa Conecta2 do Programa Más Social de F. Barrié para o desenvolvemento dun Plan de Comunicación. Xuño, Vigo.
Organizado por F. Barrié e EDISA.
Participaron 3 profesionais de APACAF, un voluntario e un familiar.

Contención Mecánica: avaliación en situacións de crise. Abril. Santiago
Organizado por Federación Autismo Galicia.
Participaron 4 profesionais de APACAF

TIC-TEA Trastorno del Espectro del Autismo y Tecnologías de la Información y la Comunicación. Nuevos retos para nuevos tiempos. Maio. Burgos.
Organizado por Autismo España.
Participaron 2 profesionais de APACAF

Curso ADOS. Outubro, A Coruña.
Organizado por ASPANAES. Participaron 2 profesionais de APACAF

Accións formativas de carácter interno:

TIC-TEA Trastorno del Espectro del Autismo y Tecnologías de la Información y la Comunicación. Nuevos retos para nuevos tiempos. Xuño de 2016.
Participou o equipo profesional de APACAF ao completo

Contención Mecánica: avaliación en situacións de crise. Outubro de 2016.
Asistiu todo o equipo profesional de APACAF



PROGRAMA DE PRÁCTICAS PROGRAMA DE VOLUNTARIADO RECADACIÓN DE FONDOS

PRÁCTICAS

Durante o ano 2016 realizaron as prácticas con nós:

Unha estudante da Facultade de Pedagogía da USC. Xaneiro e febreiro 2016. 180 horas de prácticas

Unha estudante da Facultade de Ciencias da Educación da USC, Grao en Educación Social. Febreiro 2016. 120 horas



VOLUNTARIADO

Na fotografía da esquerda, un grupo de voluntarios, **Cruz e Carlos**, colaboran con profesionais no programa **CONECTA2** patrocinado pola **Fundación Barrié** que fornece as ferramentas para un plan de comunicación a través das redes sociais durante dous anos.

Esta é so unha das colaboracións do grupo de voluntarios. Dende aquí: **MIL GRAZAS**

PARTIDO DE FUTBOL SOLIDARIO

Aportación recadada: 1.700€
Fondos dirixidos á creación da aula multiusos

ARTESANÍA FORNELENSE

Doazón realizada no ano 2016: 100€
Fondos dirixidos á creación da aula multiusos

RECOLLIDA TAPÓNS


Nós tamén somos solidarios. Temos un punto de recollida de tapóns para causas solidarias, en colaboración coa Asociación **BANTA**, que entrega os fondos recollidos a rapaces con necesidades especiais.

ENTRADA 10 € // ANTICIPADA 9 € // XOGADORES CON LICENCIA XUVENIL 5 € // RESTO DE CATEGORÍAS GRATIS
VENTA ANTICIPADA EN SIMPLY TRAVEL - C/JUSTO MARTÍNEZ 22 - 896153483
NO RESCANSO HABERÁ PARTIDO ENTRE EQUIPOS DA EEPF.


ORGANIZA COLABORA acoe



INGRESOS




- Xunta de Galicia
- Usuarios e socios
- Ministerio sanidad IRPF
- La Caixa
- Deputación Pontevedra
- F. ONCE
- Autismo Galicia
- Patrocinadores e colaboradores



-
-
-
-
-
-
-



GASTOS



- **Persoal**
- **Mantemento**
- **Alimentación**
- **Consumos**
- **Transporte**
- **Alquiler**
- **Servicios profesionais externos**
- **Actividades**
- **Formación**
- **Seguros**
- **Bancos**
- **Cuotas**
- **Outros**

Grupo de socios
despois da
Asemblea Xeral





COMUNICACIÓN

DCMA (2 abril)

Día Concienciación Mundial sobre o Autismo

Acompañáronnos o **Club de Atletismo da Estrada** e **Club Deportivo San Paio da Estrada**

ACTOS

- ◆ **#LIUB:** Acendido do Concello de azul
- ◆ Mesa informativa e reparto de globos azuis
- ◆ Rolda solidaria na rúa e pasar o testigo
- ◆ Campaña informativa nas redes: 12.000 persoas alcanzadas



Presenza na TV

-01/04/2016: **TVE1 Telexornal** 14:00. Noticia no telexornal autonómico. 2 minutos e 37 segundos

-02/04/2016: **TVE1 Telediario** 15:00. Noticia no telediario nacional. 1 minutos e 53 segundos.

-23/05/2016 e 29/05/2016: **TVG:** Reportaxe no programa **"A Revista"** sobre o centro A Braña.

Presenza na prensa escrita

12 noticias en prensa escrita:

- ◆ La Voz de Galicia
- ◆ Faro de Vigo





FUNDACIÓN TUTELAR FUNDITEA

SERVIZO DE ATENCIÓN DIRECTA NO CENTRO A PENAGRANDE


- Centro de día
Desenvolveuse unha estancia en réxime de centro de día durante 2 días á semana.
- Cromoterapia: “As cores do autismo”
Desenvolveuse un obradoiro de expresión artística a cargo do centro de arte da artista Puri Togariños.
- Estancia vacacional de verán
Durante o mes de agosto realizouse unha estancia con pernocta cunha dobre finalidade: rehabilitación psico-social para os usuarios participantes e un tempo de descanso para as súas familias.



COFINANCIACIÓN ACADADA:

Para estes servizos contamos coa cofinanciación de:

- **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
 - Centro de día e Curso de Cromoterapia
- **XUNTA DE GALIZA, C. de Economía.. D. X. de Promoción de Emprego**
 - Programas de Cooperación. Un contrato de 9 meses de 1 educadora
 - Programas de Cooperación ACTIVA: Un contrato de 6 meses para “Difusión Programa de Rehabilitación para persoas con TEA



COLABORADORES

PÚBLICOS



PRIVADOS

